Resolución do 13 de febreiro de 2019 pola que se dispón a publicación da modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

Última versión

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 11 de febreiro de 2019, ao abeiro do disposto no artigo 30.1.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, acordou modificar o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.

Ordénase a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 11 de febreiro de 2019, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 11 de febreiro de 2019, ao abeiro do disposto no artigo 30.1.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón:

Artigo único. Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

Engádese unha alínea 4 ao artigo 31 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018) coa seguinte redacción:

«4. As persoas usuarias dos dispositivos portátiles telefónicos e informáticos da Cámara poderán, coa finalidade de garantir a reserva dos seus datos de carácter persoal, adquirilos previa taxación pericial do seu valor».

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta modificación publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.